

UNHA APROXIMACIÓN AO ESCENARIO LABORAL DA INDUSTRIA DA MÚSICA EN GALICIA

Xaime Fandiño Alonso

Zósimo López Pena

Henrique Neira Pereira

**Equipo Canal Campus, Grupo de Investigación Estudios
Audiovisuais. Facultade de Ciencias da Comunicación,
Universidade de Santiago de Compostela**

Doi:10.17075/aceg.2016.013

A) INTRODUCCIÓN

A industria musical en Galicia, pola súa dimensión, estratexia, elementos identitarios, autoría, emprendemento... precisa de estudos puntuais e de seguimento no tempo que amosen a súa realidade e a súa evolución. Cos datos obtidos e as hipóteses expostas nestes traballos sectoriais, estaremos en condicións de acadar propostas e estratexias fundamentadas para o desenvolvemento óptimo da industria musical da nosa comunidade, así como a súa proxección internacional. Neste caso que nos ocupa, amósase, a modo de avance primixenio, onde está situado e cal é a fragmentación administrativa e comportamento do mercado laboral deste sector e cales son as oportunidades que pode ofrecer.

B) OBXECTO DE ESTUDO E METODOLOXÍA

Imos examinar por método cuantitativo se o contexto é favorable para que exista un tecido de industria musical en Galicia. Por isto, consultamos bibliografía especializada sobre a realidade da industria musical, webs especializadas e distintas bases de datos.

En canto á análise do mercado laboral, por medio das estatísticas obtidas, intentarase demostrar se existe necesidade de profesionais da industria musical na comunidade autónoma de Galicia. Despois intentarase delimitar cal é a tipoloxía de empregos relacionados con este subsector das industrias culturais. E, finalmente, reflexiónase sobre o estado do emprego, a percepción administrativa dos postos de traballo relacionados coa industria musical e oportunidades de futuro para poder traballar neste eido.

C) CONTEXTO E ANTECEDENTES

Existen saídas laborais se temos creación, produción, distribución, consumo e exportación de música gravada e en vivo na comunidade; é dicir, se hai oferta e demanda de profesionais e de produtos. A mellor forma de definir este contexto é amosando datos sobre o consumo de música gravada e en vivo.

Segundo o documento 'Encuesta de hábitos y prácticas culturales 2010-2011', promovido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD), nos anos 2010 e 2011 o 96,7 % das persoas consultadas en Galicia dispoñían de equipamento para escoitar música, así que esta mesma porcentaxe ten acceso a música gravada; o que se descoñece é se é música galega, galega feita fóra de Galicia, estranxeira, etc.

Os datos máis recentes sobre música gravada –tanto en formato dixital como físico– atopámoslos no informe anual de PROMUSICAE¹, que é de ámbito estatal. No de 2015 danse datos² referidos a 2014: «Los españoles

¹ PROMUSICAE, Productores de Música de España, agrupa 116 entidades que no seu conxunto representan máis do 90 % da actividade nacional e internacional do sector español da música gravada.

² Véxase <http://www.promusicae.es/estaticos/view/4-informes-promusicae>, consultada o 18 de marzo de 2015.

se gastaron 149,9 millóns de euros en comprar música durante los últimos doce meses, una cifra que supera en un 21,2 por ciento los registros del ejercicio 2013. El mercado discográfico español se coloca así en niveles muy parejos a los de 2011».

En canto a datos de consumo de música en vivo en Galicia, existen unha serie de informes elaborados a partir de enquisas oficiais. Segundo a 'Enquisa de condicións de vida das familias', do Instituto Galego de Estatística, realizada no ano 2006, un 14,11 % da poboación galega de 5 ou máis anos asiste cando menos unha vez no ano a algún concerto de música clásica; un 38,05 % vai cando menos unha vez no ano a un concerto de música moderna, tradicional ou solista, e un 64,99 achégase cando menos unha vez no ano a unha verbena ou a un concerto dunha orquestra.

Datos máis recentes ofréceos a Sociedad General de Autores y Editores (SGAE), que publica anualmente o número de concertos que se realizan en Galicia, así como o número de formacións de música. No caso da música clásica en todo o territorio español, houbo un total de 15 017 concertos en 2012 e 14 523 concertos en 2013. Estes serían, de maneira resumida, os cadros cos datos sobre música en vivo aplicados a Galicia, os máis recentes son de 2013:

Cadro 1. Música clásica en Galicia 2012-2013

	2012	2013
Concertos de música clásica	1221	1172
Espectadores/as de concertos de música clásica	251 485	238 479
Recadación de concertos de música clásica	711 576	682 681

Fonte: SGAE.

Cadro 2. Música sinfónica, de bandas e rondallas en Galicia 2013

	Concertos			Espectadores			
	Total	De pago	Gratuítos	Total	De pago	Gratuítos	Recadación total (en euros)
Sinfónica	102	51	51	55 757	42 064	13 693	415 892
Bandas e rondallas	399	20	379	64 747	3967	60 780	38 521

Fonte: SGAE.

Outro dato importante é o número de formacións musicais. O Instituto Galego de Estatística publica un censo oficial de entidades musicais dedicadas á interpretación, no que se inclúen agrupacións de cámara e líricas, bandas, coros, orquestras de cámara e sinfónicas. O censo está baseado na 'Explotación Estadística de las Bases de Datos de Recursos Musicales y de la Danza', do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. A cifra total de entidades era 409 no ano 2012 e de 411 en 2013. Quedan fóra deste censo as entidades de vida efémera ou non constituídas legalmente como pequenas bandas de rock, grupos de tabernas ou charangas amateurs para o Entroido.

No caso da música popular en vivo en Galicia, a SGAE achega datos referentes a número de concertos, espectadores e recadación destes concertos:

Cadro 3. Música popular en Galicia 2012-2013

	2012	2013
Concertos de música popular	5206	4506
Espectadores de concertos de música popular	1 319 209	1 084 316
Recadación de concertos de música popular	6 992 891	5 940 059

Fonte: SGAE.

Os datos do Instituto Galego de Estatística son nalgúns casos diferentes; por exemplo, na recadación de concertos de música popular en 2013: 5 940 059 (SGAE) e 5 491 000 (IGE).

Malia todo, pódese pensar que cos datos ofrecidos podemos confirmar que hai suficiente oferta e demanda de profesionais e de produtos como para que exista unha industria musical.

D) SITUACIÓN. EVOLUCIÓN/RADIOGRAFÍA

Como se expresou anteriormente, existen datos sobre o consumo de música gravada e en vivo en Galicia, pero nos temas relativos á consideración da música como industria cultural ou industria do entretemento non hai datos tan concretos.

Facendo a reflexión sobre o que é unha industria cultural, podemos asumir que a industria musical segue un proceso de creación, produción, distribución e consumo. Así, poderíamos asignar a cada fase do proceso un tipo de axente que fai que este negocio funcione; o problema, como veremos, está en que non existe un traballo estatístico axeitado, nin ningunha outra iniciativa que permita saber cantas persoas toman parte no conxunto do proceso.

As fontes principais das que poderíamos obter datos son: a Axencia Tributaria, a Seguridade Social, o Instituto Nacional de Estatística, o Instituto Galego de Estatística, o Instituto Galego das Cualificacións, a Sociedad General de Autores y Editores e entidades profesionais de tipo asociativo. Seguindo esta liña de traballo, convén repasar os tipos de datos que se poden obter de cada unha destas entidades e logo analizaremos os empregos da industria musical e da industria auxiliar a partir das informacións que puidemos obter.

1. Fontes estatísticas para cuantificar os empregos nas industrias musical e auxiliar

1.1. A Axencia Tributaria

Cada persoa e cada entidade no momento de darse de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) na Axencia Tributaria deben indicar en que sector ou sectores operarán e obteñen, así, un ou varios códigos para efectos estatísticos. O primeiro problema con estes datos é que por exemplo unha empresa pode estar dada de alta con varios códigos pero puntualmente operar só nun sector; o segundo é que estes datos estatísticos non se publican sistematicamente con suficiente nivel de desagregación, polo tanto deben solicitarse nas oficinas da Axencia Tributaria, que os concederá ou non.

1.2. A Seguridade Social

Igual que sucede na Axencia Tributaria, cando unha persoa ou entidade se dan de alta obteñen un ou varios códigos estatísticos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE); se son varios, un deles é o primario –a súa actividade máis importante– e os demais son secundarios. Por exemplo, as estatísticas elabóranse só considerando os CNAE primarios, polo que quedan fóra delas moitos empregos de firmas que organizan concertos pero non como actividade principal. As estatísticas con suficiente nivel de desagregación non se publican sistematicamente, senón que hai que solicitálas a través do Instituto Galego de Estatística, e os datos achéganse por trimestres, de xeito que non se pode observar a evolución do emprego mes a mes.

Existen varios códigos CNAE que se poden asignar a empresas da industria musical, pero os máis axeitados poden resumirse nos que a continuación se presentan:

- 3220 Fabricación de instrumentos musicais.
- 4743 Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados.
- 4763 Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados.
- 5920 Actividades de gravación de son e edición musical.
- 7722 Alugueiro de cintas de vídeo e discos.
- 9001 Artes escénicas.
- 9002 Actividades auxiliares ás artes escénicas.
- 9003 Creación artística e literaria.
- 9004 Xestión de salas de espectáculos.
- 9329 Outras actividades recreativas e de entretemento.

Como se ve, a maioría destes códigos non son específicos para os empregos relacionados coa industria musical anteriormente mencionados: mentres existe un por exemplo para o cultivo de tabaco (0115), non hai un código para a figura de intérprete musical ou para a produción de eventos; así pois, só algúns destes códigos van ser de utilidade. A seguinte táboa recolle as afiliacións á Seguridade Social en Galicia segundo os códigos CNAE mencionados.

Cadro 4. Evolución trimestral do emprego 2012-2014. Altas na Seguridade Social

	31/03/12	30/06/12	30/09/12	31/12/12	31/03/13	30/06/13	30/09/13	31/12/13	31/03/14	30/06/14	30/09/14	31/12/14
Réximes xeral e por conta allea	2554	2702	2689	2656	2420	2555	2417	2631	2449	2621	2366	2832
Réxime de autónomos	1531	1593	1599	1590	1564	1619	1638	1683	1640	1748	1788	1820

Fonte: Instituto Galego de Estatística, con datos da Seguridade Social para altas en códigos CNAE primarios 3220, 4743, 4763, 5920, 7722, 9001, 9002, 9003, 9004 e 9329, epígrafes que poden pertencer a actividades laborais ligadas á industria musical en Galicia.

O código CNAE que agrupa un maior número de persoas é o 9329, unha media de 2396 persoas estiveron de alta na Seguridade Social en Galicia no último trimestre de 2014 baixo esa epígrafe. O problema é que inclúe actividades moi diversas, que van desde a explotación de salas de baile e discotecas ata a explotación de estacións

de esquí, locais de máquinas recreativas ou actividades de socorrismo en praias e piscinas. Outra razón máis pola que o sistema de códigos CNAE non resulta axeitado para a nosa análise.

1.3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Achega na súa web datos estatísticos sobre obras musicais editadas, salas de concerto, entidades musicais dedicadas á interpretación e, finalmente, concursos, festivais e outras actividades de música. De aquí podemos extraer bastante información acerca de obras producidas e pouca sobre emprego, a excepción do emprego no sector da ensinanza musical.

1.4. O Instituto Nacional de Estadística

Ofrece diferentes estatísticas procedentes de institucións coma o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e outras de elaboración propia, pero, así como existen bastantes datos relativos á industria do libro, en cambio hai poucos sobre a música. Polo tanto, pódese extraer pouca información sobre emprego.

1.5. O Instituto Galego de Estadística

Achega datos de enquisas propias –coma o consumo de música gravada e en vivo– e información procedente doutras fontes como o Instituto Nacional de Estadística ou a Seguridade Social. Parte da información está dispoñible na web e pódese solicitar nalgúns casos con maior nivel de desagregación, pero non hai estatísticas específicas que nos poidan dar unha visión da realidade da industria musical.

1.6. O Instituto Galego das Cualificacións

Depende da Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar. Ofrece datos trimestrais do número de contratos xestionados en Galicia polos servizos de emprego de acordo cun sistema de códigos denominado Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO). Os códigos CNO son máis axeitados que os CNAE e os IAE para a análise do número das persoas empregadas na industria musical, pois existe unha categoría específica denominada ‘Compositores, músicos e cantantes’, e os datos trimestrais amosan claramente a estacionalidade, cun elevado número de contratos no verán –xullo, agosto e setembro–, os meses con máis festas. Con todo, estes datos amosan exclusivamente o número de contratos asinados nun período, polo que as persoas con contrato indefinido ou temporal que comezara en períodos anteriores non figurarán para ese tramo.

1.7. Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

A AGADIC publica na súa web estudos sobre a situación das industrias culturais en Galicia baseados en estatísticas coma as mencionadas, pois non dispón de estatísticas nin enquisas propias.

1.8. Consello da Cultura Galega

A través do seu Observatorio da Cultura Galega, fornece datos orientados, sobre todo, ao consumo de produtos culturais e acerca do conxunto da industria, a partir de diferentes fontes estatísticas.

1.9. A Sociedad General de Autores y Editores

Máis coñecida como SGAE, é unha entidade española de xestión colectiva dedicada á defensa dos dereitos de autor dos seus socios e socias no ámbito da industria musical. De acordo cos datos facilitados pola propia SGAE, o 31 de decembro de 2014 o número de socias e socios autores en Galicia era de 3297; había, ademais, 37 editores e editoras musicais e 190 herdeiros e herdeiras, en total 3524 persoas asociadas. Isto non quere dicir que todas elas creasen ou interpretasen contidos en 2014, pero é unha cifra importante; conforme a revisión do padrón municipal o 1 de xaneiro de 2014, publicada polo INE, Galicia contaba nese momento con 2 748 695 habitantes, o que significa que un 0,12 % da poboación galega está asociada á SGAE –un de cada 780 habitantes de Galicia.

1.10. Entidades profesionais de tipo asociativo

Posúen datos referidos unicamente a un ámbito moi concreto, e entre elas podemos citar: Músicos ao Vivo, Asociación Galega de Empresas para Eventos (AGASE), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Promusicae, Unión Fonográfica Independiente (UFI), Music Managers Forum Spain (MMF), Asociación de Representantes Técnicos del Espectáculo (ARTE), Asociación de Promotores Musicales (APM), Asociación Estatal de Salas de Música en Directo (ACCES).

2. Os empregos na industria musical

Como se indicou, forman a industria musical as empresas e individuos que desenvolven actividades económicas de creación, produción, distribución e venda de música.

2.1. Creación

As profesións que atopamos vencelladas a esta primeira fase son:

- Autores/as, compositores/as.
- Músicos/as, executantes.
- Arranxadores/as.
- Fabricantes de instrumentos musicais.
- Profesores/as de disciplinas musicais.
- A&R (director/a artístico/a dunha discográfica).

Non hai ningunha fonte oficial única que dispoña do dato concreto de cantas persoas traballan nestas profesións en Galicia, polo que para tentar ter unha aproximación temos que consultar varias estatísticas, que aínda así mostrarán un panorama incompleto.

As estatísticas do Instituto Galego das Cualificacións amosan agrupadas as actividades de composición e execución (músicos e cantantes) nun único código, que é o 2932, que mostra a alta temporalidade existente neste subsector da industria musical; como dixemos, a cifra refírese a persoas que asinaron un ou máis contratos no ano de referencia.

Cadro 5. Número de persoas que asinaron contratos nos servizos de emprego en Galicia co código CNO 2932 'Compositores, músicos e cantantes en Galicia' 2012-2014

	2012	2013	2014
Persoas contratadas	1794	2005	2128

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

Como comparación preséntanse as cifras facilitadas por Músicos ao Vivo, unha organización profesional sen ánimo de lucro que ten como primeira finalidade «representar a todas as persoas afiliadas, mediante a intervención nas relacións laborais e a contribución á defensa e á promoción dos intereses profesionais, laborais, económicos, sociais e culturais, tanto individuais como colectivos, que lle son propios»³. Esta organización ten 325 membros, músicas e músicos tanto profesionais como amateurs, e 150 destes membros utilizan un réxime de cooperativa que lles facilita a entidade para facturar as súas actuacións; Músicos ao Vivo forma parte da Federación de Músicos Asociados (FEMA), que reúne entidades con obxectivos semellantes de varias comunidades autónomas. A partir dos datos anteriores, vemos que só unha pequena parte das músicas e músicos que traballan no sector están agrupados na plataforma asociativa.

No tocante ás persoas que fabrican instrumentos musicais, esta epígrafe está no grupo C da CNAE –industria manufacturera– co código 3220 «Fabricación de instrumentos musicais». Esta é a cifra do emprego en 2014:

Cadro 6. Cifra media trimestral de afiliacións á Seguridade Social en Galicia (CNAE 3220) o 31-12-2014

Réximes xeral e por conta allea	21
Réxime de autónomos	38

Fonte: Instituto Galego de Estatística, con datos da Seguridade Social.

O seguinte dato é o número de persoas que se dedican a ensinar música no ámbito do ensino regrado.

Cadro 7. Centros, profesorado e alumnos matriculados en ensinanzas regradas de música (Ensinanzas artísticas do réxime especial) en Galicia. Curso 2012-2013

Centros	Profesorado	Alumnado			TOTAL
		Elemental	Profesional	Superior	
48	993	4092	3445	621	8158

Fonte: MECD. 'Estadística de las enseñanzas no universitarias'.

³ Véxase [http://musicosaovivo.com/uploads/files/ESTATUTOS %20DA %20ASOCIACION %C3 %93N %20PROF. %20M %C3 %93ASICOS %20AO %20VIVO %20Definitivo %281 %29.pdf](http://musicosaovivo.com/uploads/files/ESTATUTOS%20DA%20ASOCIACION%20C3%93N%20PROF.%20M%20C3%93ASICOS%20AO%20VIVO%20Definitivo%281%29.pdf), consultada o 17 de marzo de 2015.

Cadro 8. Profesorado de ensinanzas non regradas de música e danza en Galicia
(CNO 2323) o 31-12-2014

Persoas contratadas 678

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións.

En canto a empregos de dirección artística en discográficas (artistas e repertorio, A&R), última información que falta neste grupo, non dispoñemos deste dato.

2.2. Producción

As profesións que atopamos nesta segunda fase da industria musical son:

- Mánagers.
- Produtores/as de discos.
- Editores/as.
- Publicistas.
 - Directores/as musicais de escena, vídeo.
 - Coreógrafos/as.
 - Fotógrafos/as.
- Avogados/as.
- Xestores/as de autoría.

Non puidemos atopar ningunha base de datos oficial que permitise saber cantas persoas traballan como mána-gers de artistas de música en Galicia. Con todo, como outra iniciativa de velar pola profesionalización dun sector –antes xa se nomeou o caso de Músicos ao Vivo–, en decembro de 2014 creouse o Music Managers Forum Spain (MMF Spain), que é unha asociación sen ánimo de lucro que comprende as persoas físicas ou xurídicas profesio-nais que representan en réxime de exclusiva como mánagers ou axentes artísticos a cantantes, músicos, instru-mentistas, grupos musicais ou grupos músico-vocais. Actualmente son 45 membros en España e 3 membros en Galicia, algo moi pouco representativo no sector.

No ámbito das empresas dedicadas á produción discográfica e tomando como fonte a web Páxinas Galegas, podemos atopar 15 negocios dedicados maiormente á gravación de pezas musicais. Segundo a fonte consultada, esta sería a súa distribución por provincias:

Cadro 9. Estudos de gravación de música en Galicia

A Coruña	4
Lugo	2
Ourense	1
Pontevedra	8
TOTAL	15

Fonte: Elaboración propia a partir de www.paxinasgalegas.es.

No que se refire a produtores discográficos, o código CNAE que acolle esta profesión é o 5920, «Actividades de gravación de son e edición musical».

Cadro 10. Cifra media trimestral de afiliacións á Seguridade Social en Galicia en actividades de gravación de son e edición musical en Galicia (CNAE 5920) o 31-12-2014

Réximes xeral e por conta allea	19
Réxime de autónomos	23

Fonte: Instituto Galego de Estatística, con datos da Seguridade Social.

Neste ámbito empresarial encádrase a Asociación Galega de Empresas para Eventos (AGASE), que na súa web explica a función dos negocios amparados por esta asociación, que son as actividades de deseño, xestión, montaxe e servizos técnicos de equipos de iluminación, son e imaxe; congresos; produción de eventos de carácter cultural e de entretemento; e, en xeral todas aquelas actividades preparatorias, amais de precisas, para a execución de tales eventos. O día 17 de marzo de 2015 son 23 as empresas dentro do directorio desta asociación⁴.

En canto á edición de obras musicais, dispoñemos dos datos estatísticos do MECD referentes a obras inscritas desde Galicia con ISMN, o International Standard Music Number, un sistema internacional que identifica univo-camente as publicacións de música escrita, xa sexa para a súa venda, alugueiro, difusión gratuíta ou para efectos de dereitos de autor. Se ben non achega datos de número de persoas que realizan esta actividade, si que nos indica que esta existe.

Cadro 11. Editores con actividade e obras musicais inscritas con ISMN en Galicia 2013-2014

Editores		Obras musicais editadas	
2012	2013	2012	2013
8	5	24	10

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música. Centro de Documentación de Música e Danza. 'Estadística de la Edición Española de Música con ISMN'.

2.3. Distribución

- Xornalistas especializados/as.
- Fotógrafos/as especializados/as.
- Axentes/representantes de formacións musicais.
- Publicistas.
- Vendedores/as de soportes gravados ou dixitais.

Polas características destes traballos e a dimensión da industria musical galega, a maior parte destes traballos son desenvolvidos, xeralmente, por persoas que realizan, ademais, outros traballos no eido cultural ou noutros sectores.

⁴ Véxase <http://www.agase.es/asociados/GL/2/empresas-asociadas-a-agase>, consultada o 17 de marzo de 2015.

Unicamente no caso de axentes/representantes de formacións musicais podemos achegar o número de empresas en Galicia: no ano 2013 contabilizábanse 11 oficinas de contratación de formacións musicais de verbena na comunidade (Fandiño *et al.* 2013c).

2.4. Fase: Consumo

- Promotores/as
- Produtores/as e técnicos/as de música en vivo
- Xerentes de espazos (locais de ensaios, salas de concertos, discotecas...)
- Programadores/as de espazos
- Xornalistas especializados/as
- Fotógrafos/as especializados/as

De acordo coa Asociación Estatal de Salas de Música en Directo (ACCES), son 41 as salas de música en directo que operan en Galicia en 2014, mentres o Instituto Galego de Estatística indica que son 27 as salas de concerto que había en Galicia nos anos 2012 e 2013, o que revela diferentes criterios á hora de considerar a que espazos lles corresponde esta denominación. Unha terceira cifra é 34, concernente ás salas que forman parte do circuíto Rede Galega de Música ao Vivo⁵ da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). En canto a emprego, o Instituto Galego de Estatística, por medio de datos facilitados pola Seguridade Social, ten datos do número de persoas que se dedican á xestión de salas de espectáculos (código CNAE 9004).

Cadro 12. Cifra media trimestral de afiliacións á Seguridade Social en Galicia en actividades de xestión de salas de espectáculos o 31-12-2014

Réximes xeral e por conta allea	26
Réxime de autónomos	37

Fonte: Instituto Galego de Estatística, con datos da Seguridade Social.

3. A industria auxiliar

Segundo a resolución do 24 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do primeiro convenio colectivo autonómico do sector de eventos, servizos e producións culturais de Galicia⁶, catalóganse os empregos da industria auxiliar de

Grupo I:

- Director/a creativo/a, escenografía, son, iluminación, informático/a...
- Director/a xeral técnico/a.
- Produtor/a executivo/a.

Grupo II:

- Enxeñeiros/as técnicos/as.
- Produtor/a de evento.
- Xefes/as de sección.

⁵ Fonte: <http://www.galescena.info/gfx/Redes/ciclo7/Listaxedeprogramadores2015.pdf>, consultada o 4 de marzo de 2015.

⁶ Véxase http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100728/Anuncio295CA_gl.pdf, consultada o 4 de marzo de 2015.

Grupo III:

- Conductor/a profesional.
- Dinamizador/a de actividades.
- Estilista.
- Monitor/a didáctico/a.
- Oficial especialista.
- Rexedor/a.
- Técnico/a ou oficial administrativo/a.
- Técnico/a especialista.

Grupo IV:

- Auxiliar administrativo/a
- Axudante de produción
- Vendedor/a de billetes.
- Monitor/a de tempo libre.
- Monitor/a de talleres.
- Azafata/o de eventos.

Grupo V:

- Auxiliar de produción.
- Acomodador/a.
- Auxiliar organización.
- Auxiliar montaxe-desmontaxe.
- Carga-descarga.
- Conserxe-porteiro/a.
- Controlador/a de accesos.
- Limpador/a.
- Modelo de posado.
- Mozo/a de almacén.
- Pasador/a de ferro.
- Azafata/o.
- Vixilante de sala.

música en vivo do seguinte xeito:

Outros empregos non reflectidos aquí pero que estarían presentes no ámbito da industria musical son os de persoal profesional da musicoloxía e persoal profesional da investigación en ámbitos musicais.

4. A verbena, un subsector clave

Todos os estudos sobre a industria musical en Galicia presentan carencias dalgún tipo pola falta de fontes oficiais axeitadas para realizar unha contabilización completa do emprego no sector. Ante isto, unha opción que supere estas eivas é a da contabilización directa ou, nos casos en que non sexa posible, a estimación do número de profesionais que realizan o seu traballo no conxunto do sector ou nun subsector.

O estudo *Do palco ó escenario. Unha aproximación analítica á industria da música nas festas populares de Galicia* analizou unha parcela da industria musical en Galicia que é a industria das orquestras de verbenas, que facturaron no ano 2010 unha cifra estimada de 26,2 millóns de euros só en actuacións en verbenas en Galicia –excluídas por tanto as actuacións fóra de Galicia e en salas de festa galegas.

Segundo Fandiño *et al.* (2013a: 89), no que se refire ao emprego que xera este subsector da industria musical, «estimamos que os profesionais regulados da verbena entre músicos e técnicos, rondan os 3.116». En canto ao número de formacións, apreciábase o seguinte: «Son 624 as formacións –dúos, tríos, grupos, orquestras...– das que constatamos actuacións en Galicia desde xaneiro de 2010 a abril de 2013» (Fandiño *et al.* 2013c: 3375).

Unha contabilización ampliada ás empresas e profesionais de todo o sector podería, pois, achegar unha imaxe máis precisa da industria musical en Galicia.

E) LINGUA GALEGA

Non existe un código CNAE específico para editores de obras musicais, pero dispoñemos da Estatística da Edición Española de Música con International Standard Music Number. Os editores con actividade e obras musicais inscritas en ISMN en Galicia en 2012 e 2013 móstranse do seguinte xeito:

Cadro 13. Obras musicais editadas en galego inscritas no ISMN

	2012	2013
Obras musicais editadas en galego inscritas co ISMN	8	6

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música. Centro de Documentación de Música e Danza. 'Estadística de la Edición Española de Música con ISMN'.

Isto non quere dicir que se compoña tan pouco en Galicia, senón que os temas compostos non necesariamente pasan por esta canle. No caso da SGAE, tampouco existe unha cifra do número de obras creadas en Galicia, xa que estas se poden rexistrar nas oficinas da entidade na comunidade e tamén por Internet, e no caso destas últimas non dispón de datos estatísticos da súa procedencia xeográfica.

F) TENDENCIAS PARA O FUTURO

Existe un bo número de profesionais da música con gran capacitación, así como unha tradición de centros de formación, pero hai poucas posibilidades de formación superior en Galicia no eido da xestión da industria musical. Neste ámbito obsérvase que poderían existir as seguintes saídas profesionais:

- Responsable de xiras e concertos.
- Road manager.
- Promotor/a-axente de eventos artísticos e musicais.
- Mánager de bandas.
- Produtor/a musical.
- Especialista en A&R (artistas e repertorio).
- Intérprete.
- Compositor/a de pezas musicais.
- Letrista.
- Xestor/a de salas e institucións dedicadas á música.
- Crítico/a-xornalista especializado en temas da industria musical.
- Editor/a musical.
- Investigador/a-docente no ámbito dos Popular Music Studies.
- Compositor/a de bandas sonoras para videoxogos.
- Directores/as, produtores/as e realizadores/as con especialización en gravación e emisión en directo de concertos vía streaming.
- Profesional do deseño de apps orientadas á música.

Estas actividades e as que sen dúbida irán xurdindo nos vindeiros anos coa evolución da tecnoloxía serán fundamentais para apoiar o proceso de profesionalización da industria musical en Galicia.

G) CONCLUSIÓNS

As estatísticas dispoñibles en fontes oficiais ou entidades asociativas do sector da industria musical non permiten na actualidade ofrecer unha imaxe o máis aproximada posible á realidade da facturación e emprego do sector. Con todo, sabemos que a vida de como mínimo catro milleiros de profesionais en Galicia xira arredor da música: 2128 persoas contratadas en 2014 como 'compositores, músicos e cantantes', 993 persoas que exercen tarefas de profesorado en ensinanzas regradas, 678 persoas contratadas para ensinanzas non regradas de música e danza, 63 en xestión de salas de espectáculo, 59 que fabrican instrumentos musicais, 42 persoas en gravación de son e edición musical... e moitas máis que non figuran en estatísticas específicas, así como as persoas que traballan na industria auxiliar.

Hai, ademais, 8158 rapazas e rapaces estudando música de xeito regrado en Galicia: isto supón unha formidable canteira para a industria musical do futuro. Esta cifra amosa, ademais, o enorme interese que produce a interpretación musical nunha parte importante da mocidade galega.

A profesionalización do sector coa implantación das novas profesións con capacidade de xestionar a creatividade e o talento é, cremos, a receita que precisa a industria musical en Galicia para continuar medrando e evolucionando así como para acadar a internacionalización deste sector.

Obsérvase, tamén, que é preciso alentar a investigación sobre a industria musical, para obter datos a partir dos que se poidan realizar análises que axuden a desenvolver estratexias e tomar decisións para a orientación e posicionamento internacional competitivo deste sector, sacando partido dun patrimonio exclusivo tanto lingüístico como musical e con vocación atlántica.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AA.VV. (2010): *As cifras da industria cultural galega. Artes escénicas, Audiovisual, Música e Produto gráfico. Análise cuantitativa*, Santiago de Compostela, AGADIC, Axencia Galega das Industrias Culturais. Recuperado de http://www.agadic.info/temas/agadic/gfx/publicacion/as_cifras_da_industria_cultural.pdf [última consulta: 27 de marzo de 2015].
- AA.VV. (2011): *Estudo das industrias culturais e creativas en Galicia e Norte de Portugal realizado pola agrupación europea de cooperación territorial*, Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia Norte de Portugal. Recuperado de http://www.agadic.info/temas/agadic/gfx/publicacion/Estudo_ICC.pdf [última consulta: 27 de marzo de 2015].
- BELHO, V. (coord.) / F. BRAÑA / M. LORENZO / E. LOZÓN (2007): *A industria musical en Galicia*, Madrid, Universidad Complutense de Madrid / ICCMU. Recuperado de <http://www.mastergestioncultural.org/files/File/TESINAS/T07-0169%20Vctor%20Belho%20Industria%20musical%20en%20Galicia%20080922.pdf> [última consulta: 24 de marzo de 2015].
- FANDIÑO ALONSO, X. (coord.) / M. GONZÁLEZ / Z. LÓPEZ / H. NEIRA / J. C. REGUEIRA (2013a): *Do palco ó escenario: Unha aproximación á industria da música nas festas populares de Galicia*, Santiago de Compostela, Andavira Editora.
- FANDIÑO, X. / C. REGUEIRA / H. NEIRA (2013b): «Informe Orquestras de Galicia 2011/2012 (As verbenas)», en Margarita Ledo Andión / María Inmacolata Vassallo de Lopes, *Libro de Actas. XIII Congreso Internacional Ibercom*, Santiago de Compostela, IBERCOM / AsslBERCOM / AGACOM, 3370-3374.
- FANDIÑO, X. / C. REGUEIRA / Z. LÓPEZ (2013c): «Informe Orquestras de Galicia 2011/2012 (As orquestras)», en Margarita Ledo Andión / María Inmacolata Vassallo de Lopes, *Libro de Actas. XIII Congreso Internacional Ibercom*, Santiago de Compostela, IBERCOM / AsslBERCOM / AGACOM, 3375-3384.
- FREIXANES, V. / A. MEIXIDE (eds.) (2010): *O capital da cultura: Unha achega ás industrias culturais de Galicia*, A Coruña, Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF) / Fundación Caixa Galicia.
- MINISTERIO DE CULTURA (2011): *Presentación. Encuesta de hábitos y prácticas culturales 2010-2011*, Madrid, Secretaría General Técnica. Subdirección de General de Publicaciones, Información y Documentación.

RECURSOS CONSULTADOS EN INTERNET

<http://emprego.xunta.es/cnopro>
http://musicadanza.es/_es/inicio.html
<http://www.agase.es>
<http://www.ardan.es>
<http://www.cndm.mcu.es>
<http://www.ige.es>
<http://www.ine.es>
<http://www.paxinasgalegas.es>
<http://www.promusicae.es>
<http://www.sgae.es>
<https://sabi.bvdinfo.com>